


CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

— CAPÍTULO 5 —

A MULLER NO MUNDO LABORAL



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

MARTA PUEBLA VILARIÑO

XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL
DO SEPE DA CORUÑA

INTRODUCCIÓN

5.1. A MULLER NA POBOACIÓN GALEGA

CADRO 5.1. POBOACIÓN DE GALICIA E ESPAÑA. POR SEXO E PROVINCIAS. PADRÓN MUNICIPAL A 1 DE XANEIRO DE 2025. PERÍODO 2021-2024

CADRO 5.2. POBOACIÓN ESPAÑA E UE. PORCENTAXE DE MULLERES. 2020-2024

CADRO 5.3. POBOACIÓN E ÍNDICE DE FEMI-NEIDADE. 2000-2024

CADRO 5.4. POBOACIÓN DE GALICIA. POR IDADE E SEXO. 2021-2024

CADRO 5.5. NACEMENTO SEGUNDO O SEXO DO/A NACIDO/A. GALICIA 1984-2023

CADRO 5.6. POBOACIÓN ESTRANXEIRA. PORCENTAXE DE MULLERES. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021-2024

5.2. MULLER E ACTIVIDADE ECONÓMICA DE MERCADO

5.2.1. INTRODUCCIÓN

CADRO 5.7. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS. POLA RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR SEXO E PROVINCIA. 2021-2024

5.2.2. ACTIVIDADE E INACTIVIDADE

CADRO 5.8. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2021-2024

CADRO 5.9. POBOACIÓN INACTIVA. POR CLASE DE INACTIVIDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2024

CADRO 5.10. POBOACIÓN INACTIVA POR GRUPO DE IDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. VALORES ABSOLUTOS. UNIDADE: MILES. GALICIA 2022-2024

5.2.3. EMPREGO E DESEMPREGO

CADRO 5.11. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO. COMUNIDADE AUTÓNOMA E SEXO. 2024

CADRO 5.12. TAXAS DE DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2021-2024

CADRO 5.13. POBOACIÓN DESEMPREGADA. POR SEXOS. 2023-2024

5.3. DEMANDAS DE EMPREGO E PARO REXISTRADO

CADRO 5.14. PARO REXISTRADO. POR IDADE E XÉNERO. GALICIA. 2024

CADRO 5.15. NÚMERO DE DEMANDANTES DE EMPREGO. POR NIVEL DE FORMACIÓN E SEXO. GALICIA. 2024

CADRO 5.16. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO GRUPO PRINCIPAL DE OCUPACIÓN. GALICIA. DECEMBRO 2024

CADRO 5.17. POBOACIÓN DESEMPREGADA. POR SECTOR ECONÓMICO E SEXO. GALICIA. 2024

CADRO 5.18. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO IDADE E DURACIÓN DA DEMANDA E SEXO. GALICIA. DECEMBRO 2024

CADRO 5.19. BAIXAS DE DEMANDAS DE EMPREGO. SEGUNDO CAUSA DA BAIXA. POR SEXO E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2024

5.4. CONTRATOS DE TRABALO

CADRO 5.20. CONTRATOS REXISTRADOS SEGUNDO XÉNERO E MODALIDADE DO CONTRATO DO NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA. 2021-2024

CADRO 5.21. CONTRATOS REXISTRADOS NOS CATRO GRANDES SECTORES DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CLASIFICACIÓN CNAE 2009) POR SEXO. GALICIA. 2023-2024

CADRO 5.22. CONTRATOS SECTORIAIS POR SECCIÓNS (CLASIFICACIÓN CNAE) E SEXO. GALICIA. 2023-2024

CADRO 5.23. TIPOLOXÍA CONTRACTUAL POR SEXO. GALICIA. 2022-2024

5.5. FORMACIÓN

CADRO 5.24. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLO FORMATIVO DE FP GRAO SUPERIOR, POR SEXO. GALICIA. CURSO 2022-2024

CADRO 5.25. ENSINO NON UNIVERSITARIO. ALUMNADO MATRICULADO EN BACHARELATO, POR SEXO. GALICIA. CURSO 2022-2024

CADRO 5.26. ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN. POBOACIÓN ENTRE 18 E 24 ANOS (AMBOS INCLUSIVE) QUE NON COMPLETOU O NIVEL DE EDUCACIÓN SECUNDARIA SEGUNDA ETAPA E NON SEGUE NINGÚN TIPO DE FORMACIÓN (REGRADA OU NON REGRADA). GALICIA 2013-2024

CADRO 5.27. ALUMNADO MATRICULADO EN ENSINO UNIVERSITARIO, SEGUNDO RAMA DE COÑECEMENTO E SEXO. GALICIA. CURSO 2024

CADRO 5.28. ESTUDANTES TITULADOS/AS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS POR SEXO. GALICIA. CURSO 2024

5.6. PODER E TOMA DE DECISIÓNS

CADRO 5.29. DISTRIBUCIÓN POR SEXO DE ALTOS CARGOS DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO EN PORCENTAXE DE MULLERES. CURSO 2020-2024

CADRO 5.30. MULLERES NO GOBERNO EN %

CADRO 5.31. COMPOSICIÓN DOS PARLAMENTOS AUTONÓMICOS. 2020-2024 (1)

CADRO 5.32. PARTICIPACIÓN DA MULLER NA COMISIÓN EUROPEA. 2020-2024

CADRO 5.33. MULLERES NOS PARLAMENTOS NACIONAIS DOS PAISES EUROPEOS. 2020-2024

CADRO 5.34. REPRESENTACIÓN DE MULLERES EN DIVERSOS ÓRGANOS CONSTITUCIONAIS. ESPAÑA 2024

5.7. CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA LABORAL E FAMILIAR

CADRO 5.35. EXCEDENCIA POR COIDADOS FAMILIARES. GALICIA/ESPAÑA. 2023-2024

CADRO 5.36. NÚCLEOS FAMILIARES MONOPARENTAIS. POR SEXO EN GALICIA. 2020-2023

CADRO 5.37. EXCEDENCIAS POR COIDADO DE FILLAS E/OU FILLOS. GALICIA/ESPAÑA. 2011-2024

CADRO 5.38. POBOACIÓN OCUPADA A TEMPO PARCIAL POR MOTIVO DA XORNADA PARCIAL. ESPAÑA. 2021-2024

5.8. SALARIOS

CADRO 5.39. POBOACIÓN ASALARIADA POR SEXO E COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021-2023

CADRO 5.40. SALARIOS MEDIOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE ECONÓMICA E SEXO. GALICIA/ESPAÑA. 2023

CADRO 5.41. POBOACIÓN ASALARIADA POR TRAMOS DE SALARIO E SEXO. GALICIA. 2021-2023

CADRO 5.42. SALARIO BRUTO ANUAL POR TIPO DE CONTRATO (EUROS). POR SEXO E COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

5.9. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

CADRO 5.43. PRESTACIÓN MEDIA ANUAL. SEGUNDO SEXO E IDADE. ESPAÑA. 2020-2023

CADRO 5.44. PERCEPCIÓNS MEDIAS DE PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2022-2023

CADRO 5.45. POBOACIÓN DESEMPREGADA E PRESTACIÓNS MEDIAS POR NACIONALIDADE E SEXO DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2022-2023

5.10. PENSIÓNS

CADRO 5.46. PENSIÓNS CONTRIBUTIVAS E IMPORTE MEDIO E PENSIONISTAS SEGUNDO CLASE, POR SEXO. GALICIA. 2023-2024

CADRO 5.47. PENSIONISTAS, PERCEPCIÓNS DE PENSIÓNS MEDIAS POR SEXO E TRAMO DE PENSIÓN. ESPAÑA. 2023

CADRO 5.48. PENSIÓN MEDIA ANUAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXO. EJERCICIO 2022-2023

CAPÍTULO 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL

Introdución

Na exposición de motivos da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dise: " O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivos".

A igualdade é así mesmo un principio fundamental na UE no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostran que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV da citada Lei orgánica ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contempla especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 151 e ata 250 persoas traballadoras dende 07/03/2020 e ata 07/03/2021, do 07/03/2021 e ata 06/03/2022 será obrigatorio en empresas entre 101 e 150 persoas traballadoras e dende 07/03/2022 serao para empresas de entre 50 e 100 persoas traballadoras.

Avanzando no camiño iniciado pola Lei 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, aprobouse o proxecto de lei orgánica de representación paritaria y presencia equilibrada de mulleres e homes. Esta Lei pretende garantir a representación efectiva das mulleres na vida política e económica, sendo aprobada definitivamente coa lei 2/2024, do 1 de agosto de representación paritaria e presencia equilibrada de mulleres e homes.

Incorpora o principio de representación equilibrada no ámbito empresarial. Coa nova norma, os consellos de administración das sociedades cotizadas e entidades de interese público, deben ter un número de mulleres non inferior ao 40% e que non supere o 49%.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e accesibilidade dos servizos para o coidado de fillas e fillos e doutras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non só en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte, das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego, pero tamén aumenta o número de mulleres no paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou moito nos últimos anos, aínda é máis baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias coa masculina, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre homes e mulleres na media da UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución notouse, pero se manteñen unhas grandes diferenzas salariais por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo deste capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Máis complicado parece que desapareza o "teito de cristal" ou "chan pegañento": barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas por homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente. Así como o chamado "pacto entre homes", polo cal se son os homes (por ocupar postos de responsabilidade) os encargados de seleccionar as persoas traballadoras é máis probable que seleccionen un igual e polo tanto un home.

5.1. A muller na poboación galega

Neste capítulo atenderemos ao mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1.

En Galicia en 2024 por cada 100 homes hai 107,7 mulleres; o dato na Coruña é de 108,5 en Lugo de 106; en Ourense de 108,2 e en Pontevedra de 107,1 (todos por enriba da media española: 103,9).

Cadro 5.1

Poboación de Galicia e España. Por sexo e provincias. Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2025, periodo 2021-2024

	2021			2022			2023			2024		
	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
España	47.435.597	23.146.007	24.189.590	48.059.777	23.542.333	24.517.444	48.085.361	23.565.593	24.519.768	49.077.984	24.068.350	25.009.634
Galicia	2.689.152	1.294.060	1.395.092	2.699.716	1.298.966	1.400.750	2.699.424	1.299.064	1.400.360	2.715.424	1.307.492	1.407.932
A Coruña	1.118.601	536.277	582.324	1.123.367	538.056	585.311	1.123.884	538.523	585.361	1.135.206	544.465	590.741
Lugo	323.830	156.895	166.935	323.904	157.089	166.815	324.267	157.332	166.935	325.835	158.198	167.637
Ourense	303.984	145.914	158.070	304.819	146.316	158.503	304.563	146.271	158.292	305.510	146.762	158.748
Pontevedra	942.737	454.974	487.763	947.626	457.505	490.121	946.710	456.938	489.772	948.873	458.067	490.806

Fonte: INE, Padrón de habitantes a 1de xaneiro de 2025.

No cadro 5.2 constatamos que no ano 2024 había na Unión Europea aproximadamente 51,08% de poboación feminina.

Cadro 5.2

Poboación España e UE. Porcentaxe de mulleres. 2020-2024

	2020	2021	2022	2023	2024
EU 27	51,1	51,13	51,12	51,12	51,08
España	50,98	51	51	50,99	50,99

Fonte: Eurostat.


A porcentaxe de mulleres en España sobre a poboación total dende 2000 figura no cadro 5.3.

Cadro 5.3

Poboación e índice de femineidade. 2000-2024

ANO	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Índice de femineidade
2024	49.077.984	25.009.634	24.068.350	103,90
2023	48.085.361	24.519.768	23.565.593	104,00
2022	48.059.777	24.517.444	23.542.333	104,14
2021	47.344.649	24.189.590	23.246.007	104,03
2020	47.344.649	24.140.758	23.203.891	104,03
2019	47.026.208	23.983.780	23.042.428	104,08
2018	47.022.572	23.776.565	22.881.882	103,91
2017	46.621.153	23.739.271	22.832.861	103,97
2016	46.546.259	23.713.398	22.843.610	103,81
2015	46.577.609	23.733.999	22.890.383	103,69
2014	47.771.341	23.785.665	22.985.676	103,48
2013	47.129.783	23.933.397	23.196.386	103,18
2012	47.265.321	23.966.965	23.298.356	102,87
2011	47.190.493	23.907.306	23.283.187	102,68
2010	47.021.031	23.794.846	23.226.185	102,45
2009	46.745.807	23.628.819	23.116.988	102,21
2008	46.157.822	23.310.085	22.847.737	102,02
2007	45.200.737	22.860.775	22.339.962	102,33
2006	44.708.964	22.608.498	22.100.466	102,30
2005	44.108.530	22.327.661	21.780.869	102,51
2004	43.197.684	21.912.437	21.285.247	102,95
2003	42.717.064	21.682.738	21.034.326	103,08
2002	41.837.894	21.273.805	20.564.089	103,45
2001	41.116.842	20.951.328	20.165.514	103,90
2000	40.499.791	20.678.407	19.821.384	104,32

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.



A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

- Os homes solo son maioría no grupo de idade de 0 a 15 anos.
- As mulleres son maioría no resto dos grupos de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.

A maior esperanza de vida das mulleres, sen dúbida, entre os factores explicativos.

Cadro 5.4

Poboación de Galicia. Por idade e sexo. 2021-2024

Idade	Galicia 2021			Galicia 2022			Galicia 2023			Galicia 2024		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0-15 anos	333.678	171.770	161.908	327.964	168.958	159.006	325.553	167.675	157.878	320.912	165.283	155.629
16-64 anos	1.667.827	828.175	839.652	1.659.870	824.481	835.389	1.663.869	826.187	837.682	1.665.030	826.633	838.397
65 e mais	694.140	297.357	396.784	702.630	301.269	401.361	710.002	305.202	404.800	719.891	309.828	410.063
Total	2.695.645	1.297.302	1.398.344	2.690.464	1.294.708	1.395.756	2.699.424	1.299.064	1.400.360	2.705.833	1.301.744	1.404.089

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.


Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que nos últimos 40 anos en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

- O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).
- No ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e en 2008 chegou aos 23.281 nacementos, para volver diminuír a partir dese ano.
- Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 374 nenos máis que nenas en 2021 e 260 en 2023 (último dato dispoñible).

Cadro 5.5
Nacemento segundo o sexo do/a
nacido/a. Galicia. 1984-2023

Ano	Homes	Mulleres
1984	15.702	14.835
1985	14.682	13.745
1986	13.517	12.661
1987	13.360	12.464
1988	12.671	11.887
1989	12.146	11.446
1990	11.552	10.949
1991	11.331	10.596
1992	11.149	10.484
1993	10.956	10.328
1994	10.113	9.570
1995	9.702	9.097
1996	9.529	9.068
1997	9.647	9.036
1998	9.621	8.917
1999	9.691	9.093
2000	10.052	9.366
2001	9.955	9.406
2002	9.987	9.340
2003	10.539	9.884
2004	10.652	9.969
2005	10.867	10.230
2006	11.075	10.317
2007	11.173	10.497
2008	12.036	11.245
2009	11.644	11.002
2010	11.443	10.507
2011	11.544	10.608
2012	10.990	10.099
2013	10.990	10.099
2014	10.316	9.427
2015	10.032	9.395
2016	9.773	9.289
2017	9.471	8.974
2018	9.265	8.702
2019	8.118	7.483
2020	7.730	7.482
2021	7.579	7.205
2022	7.393	7.134
2023	7.175	6.915

Fonte: INE, Movemento natural de poboación.



No cadro 5.6 compróbase que Galicia é unha das comunidades autónomas na que a porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total da poboación estranxeira supera a media estatal en máis de dos puntos.

Cadro 5.6

Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres.
Por comunidades autónomas. 2021-2024

	2021	2022	2023	2024
España	49,86	49,88	50,02	49,96
Andalucía	49,40	49,41	49,53	49,81
Aragón	48,90	48,88	49,23	49,00
Asturias	53,90	53,87	53,94	53,69
Baleares	49,70	49,70	49,58	49,30
Canarias	50,50	50,58	50,54	50,49
Cantabria	52,10	52,12	52,59	52,26
Castela e León	50,90	50,90	51,03	50,79
Castela-A Mancha	49,00	49,03	48,78	48,82
Cataluña	48,30	48,34	48,52	48,35
C. Valenciana	49,90	49,91	50,30	50,35
Estremadura	51,70	51,78	52,41	52,18
Galicia	51,90	51,97	52,14	52,04
Madrid	52,60	52,62	52,56	52,31
Murcia	45,90	45,94	46,01	45,98
Navarra	49,50	49,52	49,63	49,21
País Vasco	49,70	49,67	49,83	49,47
A Ríoxa	50,50	50,31	50,45	50,51
Ceuta	52,80	52,75	53,83	53,40
Melilla	52,50	52,57	53,30	54,48

Fonte: INE, explotación estatística do Padrón.

5.2. Muller e actividade económica de mercado

5.2.1. Introducción

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica "de mercado", posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas maiores e con discapacidade etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder no último cuarto de século por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no apartado anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que:

- A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia da Pontevedra (59,1%) e a menor é a das mulleres en Ourense (45,5%)

- A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (52,6 %), está por debaixo, en máis de 6 puntos porcentuais, da de Pontevedra. A que ten maior taxa de actividade feminina é Pontevedra 51,4%, seguida de Lugo 49,3%. A taxa máis baixa está en Ourense con 45,5%.

- A taxa de actividade en Galicia no grupo de mulleres só chega ao 49,4% (similar que no 2023) fronte ao 57,3% de homes.

- A taxa máis alta de desemprego no colectivo feminino e masculino encontrámola en Pontevedra tanto no grupo de homes (10,2%) coma no de mulleres 12,4%.


- A taxa de desemprego máis baixa tanto en homes (6,7%) coma en mulleres (7,5%) é a de Lugo.

Cadro 5.7

Distribución porcentual da poboación de 16 e máis anos.
Pola relación coa actividade económica. Por sexo e provincia. 2021-2024

	Taxa de actividade				Taxa de desemprego			
	2021	2022	2023	2024	2021	2022	2023	2024
Homes								
A Coruña	57,70	53,60	57,60	57,80	10,00	9,40	8,20	7,40
Lugo	56,20	51,80	54,60	55,20	9,40	8,80	7,60	6,70
Ourense	52,40	48,60	51,10	52,30	10,30	10,40	9,30	11,70
Pontevedra	58,20	54,00	59,50	59,10	11,70	11,20	10,10	10,20
Galicia	57,10	57,00	57,20	57,30	10,60	10,10	8,90	8,80
Mulleres								
A Coruña	48,30	49,90	49,50	48,90	11,30	10,80	10,00	8,60
Lugo	48,70	49,40	50,40	49,30	8,60	8,90	8,90	7,50
Ourense	44,30	46,10	46,70	45,50	11,90	12,50	9,80	10,20
Pontevedra	49,40	49,50	49,20	51,40	16,30	14,40	12,00	12,40
Galicia	48,30	49,20	49,20	49,40	12,80	12,00	10,50	10,00

Fonte: IGE-INE, EPA 28-04-2024.



5.2.2. Actividade e inactividade

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade de homes e mulleres en cada unha das CC.AA. Destacaremos que:

- A taxa de actividade feminina está en Galicia en mais de 4 puntos porcentuais por baixo da media española.
- A taxa de actividade masculina en Galicia supera en case 8 puntos á feminina, pero está case 7 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes. Datos similares a 2023.

Cadro 5.8

Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2021-2024

	Mulleres				Homes			
	2021	2022	2023	2024	2021	2022	2023	2024
España	63,65	63,53	63,95	63,90	53,93	53,79	54,04	53,91
Andalucía	63,51	62,02	62,82	62,89	51,85	51,02	51,96	51,01
Aragón	63,03	63,59	63,38	63,86	54,81	53,46	53,97	53,78
Asturias	55,42	54,76	53,50	55,55	45,14	46,56	47,02	47,37
Baleares	64,80	66,98	68,21	68,27	58,08	55,25	59,12	59,70
Canarias	63,40	64,35	64,85	63,84	56,11	54,05	54,95	55,50
Cantabria	65,72	58,75	59,47	61,25	49,13	50,04	50,50	50,90
Castela-A Mancha	59,31	66,10	65,17	64,46	52,43	52,80	52,02	51,88
Castela e León	65,72	59,23	59,36	58,96	49,46	50,40	48,86	49,82
Cataluña	65,13	65,03	66,38	66,94	57,64	56,64	56,87	56,48
C. Valenciana	63,54	64,68	64,52	64,07	53,09	54,34	54,13	53,93
Extremadura	61,68	61,11	61,75	60,30	48,28	49,93	49,87	49,38
Galicia	56,98	56,17	57,18	57,35	48,19	49,49	49,18	49,45
Madrid	67,88	67,54	67,72	67,68	58,72	59,31	59,22	59,07
Murcia	67,27	66,32	66,14	65,68	52,85	53,07	53,10	53,88
Navarra	63,24	64,12	63,49	63,59	54,59	54,70	54,23	55,06
País Vasco	60,85	62,15	61,71	60,28	53,15	51,25	52,34	52,13
A Ríoxa	63,79	64,40	64,45	64,12	55,85	55,23	53,68	52,99
Ceuta	63,73	70,45	66,33	66,78	49,27	57,17	57,43	54,45
Melilla	67,25	63,40	61,57	63,59	60,24	54,16	49,74	54,07

Unidades: Porcentaxe.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2024.

Focalizando o estudo na perspectiva de xénero o cadro 5.9 pon de manifesto que:

- A principal situación de inactividade da muller galega deixa de ser "labores do fogar" co 22,8% (23,1% en 2023, 23,5% en 2022, 24,4% en 2021 e 27% en 2020) e pasa ao primeiro posto "xubilación ou prexubilación" con 39% (37,2% en 2023).

- A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de "xubilación ou prexubilación" (co 60,8% da poboación inactiva), mentres que nas mulleres é de 39%. A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada constitúa hoxe un dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.

- O 14,4% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende ao 17,4% entre os homes.

- O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores as persoas cotizantes á Seguridade Social eran en proporción moi maioritaria homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é máis de 10 puntos maior que nos homes.

A MULLER NO MUNDO LABORAL

Cadro 5.9

Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2024

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacitado/a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	22,6	57,2	5,8	6,4	4,2	3,8
Andalucía	100	24,9	53,6	5,9	8,5	3,3	3,7
Aragón	100	19,9	65,3	5,5	6,2	1,1	2,0
Asturias	100	14,0	68,3	5,9	5,4	4,5	1,9
Baleares	100	21,1	50,1	14,1	3,8	3,3	7,6
Canarias	100	22,0	48,8	10,0	10,2	5,0	4,0
Cantabria	100	21,5	59,5	3,8	7,0	6,5	1,7
Castela e León	100	18,5	67,2	3,7	4,1	4,0	2,5
Castela-A Mancha	100	23,7	57,7	4,1	6,3	5,1	3,1
Cataluña	100	22,1	55,5	4,9	5,3	6,3	6,0
C. Valenciana	100	23,1	56,2	5,9	6,9	2,8	5,1
Estremadura	100	20,1	59,3	5,4	8,9	3,2	3,2
Galicia	100	17,4	60,8	4,7	7,0	6,7	3,4
Madrid	100	26,9	58,8	5,3	3,2	3,2	2,6
Murcia	100	24,9	52,5	7,3	7,4	4,7	3,3
Navarra	100	24,5	60,2	6,3	5,3	1,9	1,8
País Vasco	100	21,9	58,6	6,2	7,2	3,5	2,6
A Ríoxa	100	18,8	68,1	2,9	5,2	2,6	2,4
Ceuta	100	32,1	32,9	6,9	16,4	4,3	7,5
Melilla	100	28,8	33,0	8,2	12,2	12,5	5,2
Mulleres							
España	100	19,1	30,4	29,7	3,8	14,9	2,0
Andalucía	100	19,9	24,1	33,3	5,5	15,7	1,4
Aragón	100	16,7	32,8	31,8	2,8	14,5	1,4
Asturias	100	13,4	29,0	32,5	3,2	21,0	0,9
Baleares	100	18,6	30,0	28,7	3,1	14,1	5,4
Canarias	100	19,5	20,3	34,4	7,1	16,8	2,0
Cantabria	100	17,2	28,9	32,6	3,8	16,7	0,8
Castela e León	100	16,6	30,2	29,9	3,0	18,4	1,8
Castela-A Mancha	100	20,2	20,2	39,8	2,5	15,9	1,3
Cataluña	100	18,6	38,0	24,7	2,9	12,4	3,5
C. Valenciana	100	20,6	31,6	27,5	3,3	14,6	2,4
Estremadura	100	18,0	23,6	32,2	5,0	19,7	1,5
Galicia	100	14,4	39,0	22,8	4,6	17,6	1,6
Madrid	100	20,4	32,6	30,4	2,3	12,7	1,7
Murcia	100	22,7	24,4	34,6	3,5	13,1	1,7
Navarra	100	21,7	35,0	25,8	2,5	13,3	1,7
País Vasco	100	20,4	36,2	24,2	5,2	12,5	1,5
A Ríoxa	100	19,3	38,3	26,2	1,6	12,0	2,8
Ceuta	100	31,2	13,5	35,7	6,9	11,1	1,5
Melilla	100	26,9	13,0	35,7	2,7	14,6	7,1

(1) A categoría "Outras situacións" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

A desagregación por grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no tramo de 16-19 anos as mulleres inactivas son menos que os homes inactivos en 200 persoas, mentres que a medida que avanzamos en idade tamén son máis as mulleres inactivas, ata chegar a unha diferenza de 14.500 (21.100 en 2023) inactivas máis no grupo de 55 a 64 anos e a 96.000 (95.700 en 2023) no tramo de >65 anos.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

Cadro 5.10

Poboación inactiva por grupo de idade, sexo e comunidade autónoma. Valores absolutos. Unidade: miles. Galicia. 2022-2024

	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos			De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2022	2023	2024	2022	2023	2024	2022	2023	2024	2022	2023	2024	2022	2023	2024	2022	2023	2024	2022	2023	2024	2022	2023	2024
Homes	491,8	481,5	482,3	45,5	29,4	44,0	32,6	29,4	28,6	20,4	16,2	17,4	13,8	13,3	12,4	26,3	26,5	25,3	65,4	59,6	60,2	289,0	292,4	294,3
Mulleres	617,9	627,3	627,4	42,6	31,8	44,2	33,0	31,8	32,1	24,5	20,0	17,9	18,7	22,8	21,1	36,3	40,9	39,8	82,6	80,7	82,0	382,0	388,1	390,1
Galicia	1.109,7	1.108,8	1.109,7	88,1	61,2	88,2	65,6	61,2	60,7	44,9	36,2	35,3	32,5	36,1	33,5	62,6	67,4	65,1	148,0	140,3	142,2	671,0	680,5	684,4

Fonte: INE 4T.

5.2.3. Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) coma a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das CC.AA. figura no cadro 5.11. Nel destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:

- O 84,8% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 88,6%).
- A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agrario supera o dobre da media española de mulleres.
- A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente rechamante na construción, actividade na que só chega ao 1,4% de ocupación, igual que a media estatal (1,3%). A presenza da muller na industria (9,7%) e levemente superior a media estatal (8,1%)
- No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina, cunha distancia de case 8 puntos.



A MULLER NO MUNDO LABORAL

Cadro 5.11

Distribución porcentual da poboación ocupada por sector económico, comunidade autónoma e sexo. 2024

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	9,1	12,1	12,0	66,8
Mulleres	100,0	5,0	5,7	0,9	88,4
Aragón					
Homes	100,0	7,3	25,7	10,5	56,6
Mulleres	100,0	2,6	11,2	1,7	84,4
Asturias					
Homes	100,0	3,4	23,3	14,8	58,5
Mulleres	100,0	2,1	4,7	1,8	91,3
Baleares					
Homes	100,0	0,9	10,5	16,7	71,9
Mulleres	100,0		4,2	2,2	93,6
Canarias					
Homes	100,0	2,8	58,0	12,2	79,2
Mulleres	100,0	1,2	2,7	1,2	94,8
Cantabria					
Homes	100,0	2,4	24,4	13,7	59,5
Mulleres	100,0	0,9	6,9	1,0	91,2
C. León					
Homes	100,0	7,8	24,1	11,8	56,4
Mulleres	100,0	2,9	9,0	0,9	87,2
C. A Mancha					
Homes	100,0	7,2	20,0	14,8	58,0
Mulleres	100,0	2,3	10,6	1,7	85,5
Cataluña					
Homes	100,0	1,5	21,3	10,6	66,6
Mulleres	100,0	0,8	11,3	1,2	86,7
C. Valenciana					
Homes	100,0	2,1	21,4	12,1	64,4
Mulleres	100,0	1,2	10,1	1,6	87,1
Extremadura					
Homes	100,0	13,9	13,9	11,3	60,9
Mulleres	100,0	3,0	4,3	1,7	91,0
Galicia					
Homes	100,0	7,8	22,8	12,6	56,9
Mulleres	100,0	4,1	9,7	1,4	84,8
Madrid					
Homes	100,0	0,5	10,9	10,7	77,9
Mulleres	100,0	0,0	5,7	1,4	92,9
Murcia					
Homes	100,0	15,6	16,6	9,7	58,1
Mulleres	100,0	5,9	7,3	1,0	85,8
Navarra					
Homes	100,0	4,4	37,6	9,2	48,9
Mulleres	100,0	1,4	16,7	0,9	81,0
País Vasco					
Homes	100,0	1,4	31,2	6,9	60,4
Mulleres	100,0	0,4	8,1	1,4	90,2
A Ríoxa					
Homes	100,0	10,1	33,3	8,5	48,1
Mulleres	100,0	3,4	19,0	1,8	75,7
Ceuta					
Homes	100,0		3,9	8,6	87,4
Mulleres	100,0		2,2	3,2	94,5
Melilla					
Homes	100,0	0,4	4,4	6,9	88,4
Mulleres	100,0		0,0	0,8	99,2
España					
Homes	100,0	4,6	17,9	11,5	66,0
Mulleres	100,0	2,0	8,1	1,3	88,6

Datos en porcentaxe.



As taxas de paro en cada unha das comunidades españolas e a desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que mostra que:

- A taxa de paro das mulleres (9,81%) é mais de 2 puntos superior á dos homes (7,56%) en Galicia e con máis de 2 puntos de diferenza por debaixo da media española (11,83%).

- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Melilla, Extremadura e Andalucía.

- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena País Vasco, co 7,52%, e Navarra 7,65%.

Notase unha melloría sobre o ano anterior, con case un punto menos de taxa de paro das mulleres galegas, melloría que tamén se da no Estado con 2 puntos de redución.

No grupo de homes as que teñen as taxas máis altas son Melilla 22,48% e Ceuta 15,30% e as máis baixas Illas Baleares 6,12% e Aragón 6,51%.

Cadro 5.12

Taxas de desemprego. Por sexo e comunidade autónoma. 2021-2024

	2024		2023		2022		2021	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
España	9,53	11,83	10,66	13,87	11,32	14,61	13,05	16,71
Andalucía	13,73	18,16	15,63	21,25	16,45	21,96	18,50	25,44
Aragón	6,51	8,90	6,41	11,03	7,48	11,60	8,49	12,03
Asturias	8,16	8,02	11,39	12,89	14,39	14,39	11,40	13,74
Baleares	6,12	10,54	9,92	10,77	10,23	11,70	13,58	16,13
Canarias	10,02	14,04	14,03	15,40	12,88	16,51	22,17	24,27
Cantabria	7,16	9,44	6,45	9,97	8,11	12,79	10,09	13,00
Castela e León	6,74	9,93	8,05	11,58	7,79	10,02	9,44	13,70
Castela-A Mancha	8,81	15,62	10,18	16,99	11,09	18,50	11,55	20,81
Cataluña	6,93	8,94	8,92	9,79	9,70	10,14	10,37	12,85
C. Valenciana	11,85	12,88	10,97	14,87	11,56	15,77	14,00	18,11
Extremadura	11,98	19,13	14,34	20,99	14,17	21,72	15,25	24,75
Galicia	7,56	9,81	8,93	10,54	9,81	11,49	10,60	12,80
Madrid	8,39	8,77	8,70	11,25	9,57	13,49	10,66	12,47
Murcia	12,95	13,95	10,94	15,04	10,91	15,35	11,97	17,18
Navarra	5,66	7,65	9,16	10,83	9,66	10,58	11,41	9,69
País Vasco	8,77	7,52	6,94	8,59	8,11	9,27	9,65	10,01
A Rioxa	7,98	9,27	7,86	11,13	7,86	9,42	8,63	14,74
Ceuta	15,30	29,94	24,55	36,28	25,76	36,73	21,85	32,29
Melilla	22,48	29,38	26,62	26,63	15,59	27,27	17,97	22,11

Fonte: INE, EPA, media dos catro trimestres do ano.

A desagregación por sexo do paro rexistrado de Galicia reflíctese no cadro 5.13.


Cadro 5.13

**Poboación desempregada. Por sexos.
Galicia. 2023-2024**

	2023	2024
Homes	54.711	48.700
Mulleres	74.793	60.700
	129.504	109.400

Datos 2024.

Fonte: INE, EPA.



5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado

Demandantes son as persoas que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha prestación por desemprego, subsidio, renda activa de inserción ou calquera tipo de prestación ou axuda.

As persoas demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así se calcula por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha persoa dúas ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose cada demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Persoas demandantes inscritas sen dispoñibilidade
- Persoas demandantes de emprego non paradas:
 - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego
 - Demandantes ocupados/as ou con relación laboral
 - Demandantes dun emprego específico
 - Outras persoas demandantes sen emprego/non ocupadas
- Demandantes de emprego en paro

As demandas de emprego pendentes de demandantes en paro a decembro 2024 foron 118.835 segundo a información do SEPE. Delas, o 42,6% correspondía ao colectivo de homes (España 40,2%) e o 57,3% ao de mulleres (España 59,8%).

Por tramos de idade segundo o SEPE, tanto no grupo de homes coma no de mulleres, son os tramos de máis idade (maiores de 59 y 55-59) os que concentran maior paro rexistrado.

Cadro 5.14

Paro rexistrado. Por idade e xénero.

Galicia. 2024

	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	2.200	1.500	3.700
20 a 24	6.700	5.700	12.400
25 a 34	13.600	11.300	24.900
35 a 44	13.400	9.700	23.100
45 a 54	13.100	10.200	23.300
55 e máis	11.600	10.300	21.900
Total	60.600	48.700	109.300

Datos: Miles de persoas.

Fonte: INE, EPA 2024.

Centrándonos no nivel de estudos nos dous grupos é o colectivo de estudos secundarios, o que acumula o maior número de demandas pendentes. As mulleres 51,5% e os homes 55,9%. As diferenzas máis apreciáveis danse na educación superior (postsecundaria), xa que as mulleres con educación superior teñen un peor comportamento chegando ao 23,7% (38% no 2023) de demandas de emprego pendentes, fronte ao 16,6% (28% en 2023) de homes. Os dous grupos melloran sobre o ano anterior.

Cadro 5.15

**Número de demandantes de emprego por nivel
de formación e sexo. Galicia. 2024**

	Homes	Mulleres
Analfabetos	4.272	5.861
Estudos primarios incompletos	4.130	5.177
Estudos primarios completos	5.739	6.752
Estudos secundarios	28.688	36.992
Estudos postsecundarios	8.518	16.996
Total Galicia	51.347	71.778

Miles de persoas.

Fonte IGE-INE. Abril de 2025.

Por grupo principal de ocupación segundo os datos do SEPE, as mulleres demandantes de emprego paradas solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio (26,9%).
- Traballadoras non cualificadas de servizos (17,7%).
- Traballadoras de servizos de saúde, con 10,9% demandas de emprego pendentes.
- Empregadas de oficina que non atenden ao público, con 10% demandas de emprego pendentes.
- No colectivo masculino a profesión máis demandada segue sendo peóns agrícolas e de construción, seguida de técnicos profesionais de apoio e traballadores cualificados da construción. Estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

Cadro 5.16

**Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro.
Segundo grupo principal de ocupación. Galicia. Decembro 2024**

	Homes	Mulleres
A Directores/directorías e xerentes	663	338
B Persoal técnico e profesionais saúde e ensino	795	2.680
C Outro persoal técnico e profesionais científicos e intelectuais	3.557	4.721
D Persoal técnico; profesionais de apoio	6.644	5.040
E Persoas empregadas oficina que non atenden público	2.354	6.890
F Persoas empregadas oficina que atenden público	665	2.393
G Persoas traballadoras servizos restauración e comercio	4.939	18.349
H Persoas traballadoras servizos saúde e coidado persoas	1.174	7.440
I Persoas traballadoras servizos protección e seguridade	981	164
J Persoas traballadoras cualificadas sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	1.807	684
K Persoas traballadoras cualificadas construción, agás operadores máquinas	5.900	95
L Persoas traballadoras cualificadas ind. manufactureiras, agás operadores instalacións e máquinas	5.060	1.577
M Operadores/as instalacións e maquinaria fixas	977	1.768
N Condutores/as e operadores/as maquinaria móbil	3.472	296
O Persoas traballadoras non cualificadas en servizos (agás transportes)	2.107	12.066
P Peóns agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes	9.532	3.635
Q Ocupacións militares	51	24
Total	50.678	68.160

Fonte: SEPE.

En canto á o sector económico, segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), hai que destacar que e o Sector Servizos o que mais demandas concentra, 64,5% das demandas de este sector corresponden a mulleres. A continuación se encontra el colectivo de persoas sen emprego anterior.

No caso dos homes, tamén e o sector servizos o mais demandado, pero seguido do sector da construción, onde as mulleres solo representan el 13% do total de persoas que demandan emprego neste sector.

Cadro 5.17

**Poboación desempregada. Por sector económico e sexo.
Galicia. 2024**

	Homes	Mulleres	Total
A Agricultura e pesca	2.643	1.235	3.878
B Industria	6.538	5.510	12.048
C Construción	7.066	1.061	8.127
D Servizos	31.166	56.621	87.787
E Sen emprego anterior	3.934	7.352	11.286
Total	51.347	71.779	123.126

Fonte: IGE. Xuño 2025.

As mulleres maiores de 25 anos representan o 96,8% das demandas pendentes de mulleres demandantes en paro fronte ao 94,7% dos homes na mesma situación. O 54,6% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (48% en homes), o que volve a reforzar as dificultades de inserción laboral das mulleres.

Cadro 5.18

**Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro.
Segundo idade e duración da demanda e sexo. Galicia. Decembro 2024**

Galicia	Menores de 25 anos			Maiores de 25 anos		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
< 1 mes	630	568	1.198	5.026	6.387	11.413
De 1 a <= 6 meses	1.240	1.094	2.334	12.847	16.159	29.006
De > 6 meses a <= 1 ano	337	340	677	6.944	9.451	16.395
De máis de 1 ano	324	378	702	23.999	37.402	61.401
Total	2.531	2.380	4.911	48.816	69.399	118.215

Fonte: IGE.

Para finalizar, faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. Do total das baixas por colocación o 58% o representan o grupo de mulleres, fronte ao 42% dos homes, sendo este o quinto ano onde as baixas por colocación das mulleres superan en porcentaxe ás dos homes.

Cadro 5.19

**Baixas de demandas de emprego. Segundo causa da baixa.
Por sexo e por provincias. Galicia. Decembro 2024**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes					
Por colocación	3.232	1.011	1.038	3.250	8.531
Con oferta previa	93	14	16	62	185
Sen oferta previa	943	241	247	870	2.301
Outras colocacións	2.196	756	775	2.318	6.045
Non renovación	1.087	295	327	1.122	2.831
Outras causas	322	77	67	381	847
Mulleres					
Por colocación	4.431	1.516	1.475	4.397	11.819
Con oferta previa	162	20	29	102	313
Sen oferta previa	1.061	317	327	995	2.700
Outras colocacións	3.208	1.179	1.119	3.300	8.806
Non renovación	1.247	337	414	1.105	3.103
Outras causas	362	90	81	450	983

Fonte: IGE.

5.4. Contratos de traballo

No capítulo 7, dedicado á contratación, móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2024 a contratación feminina supuxo o 48,2% do total da contratación, manténdose con respecto ao ano 2023, tanto de contratos iniciais, coma de conversión en indefinidos. Se o desagregamos, os contratos iniciais supuxeron o 46,5% (49% no 2023) e as conversións o 45,7% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina, e manténdose en relación a os anos anteriores.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de estudos superiores, chegando ao 55,5%.

Cadro 5.20

Contratos rexistrados segundo xénero e modalidade do contrato do nivel de formación. Galicia. 2021-2024

	2021		2022		2023		2024	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS								
Total contratos rexistrados	481.070	437.144	414.110	431.133	351.413	372.992	348.526	375.051
Total contratos iniciais	455.196	417.231	380.757	392.221	329.945	342.127	336.817	361.174
Conversións a indefinidos	25.874	19.913	31.634	36.547	12.046	14.489	11.709	13.877
ANALFABETOS								
Total contratos rexistrados	18.069	11.876	9.433	10.298	8.626	9.939	7.189	8.975
Total contratos iniciais	17.368	11.445	8.809	9.579	7.986	9.203	7.018	8.758
Conversións a indefinidos	431	701	576	647	180	193	171	217
ESTUDOS PRIMARIOS								
Total contratos rexistrados	120.093	97.157	95.204	111.556	84.715	99.086	83.702	98.253
Total contratos iniciais	112.683	92.642	87.200	99.708	80.665	91.862	80.924	94.139
Conversións a indefinidos	4.515	7.410	7.687	11.036	2.811	3.926	2.778	4.114
ESTUDOS SECUNDARIOS								
Total contratos rexistrados	279.595	251.859	235.040	249.761	195.600	214.180	195.214	218.319
Total contratos iniciais	265.538	241.544	217.710	229.169	184.772	196.771	189.329	211.207
Conversións a indefinidos	10.315	14.057	16.848	19.698	5.906	7.474	5.885	7.112
ESTUDOS SUPERIORES								
Total contratos rexistrados	63.258	75.298	73.258	59.433	61.511	49.728	61.781	49.466
Total contratos iniciais	59.552	70.646	65.863	59.680	55.561	44.232	58.906	47.032
Conversións a indefinidos	4.652	3.706	6.523	5.166	3.149	2.896	2.875	2.434
SEN CLASIFICAR								
Total contratos rexistrados	55	954	1.175	85	961	59	961	59
Total contratos iniciais	55	954	1.175	85	961	59	961	59
Conversións a indefinidos	0	0	0	0	0	0	0	0

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Xaneiro 2025.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que son maioritariamente no sector servizos.



Segundo o seguinte cadro, o 86,6% (85,7% en 2023) das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria, onde traballa o 11,4% (11,9% en 2023) e a agricultura co 1,3% (1,6% en 2023). Na construción a representación feminina é moi escasa, non alcanza, como no ano 2023, o 1%, quedase no 0,6%.

Cadro 5.21

Contratos rexistrados nos catro grandes sectores de actividades económicas (clasificación CNAE 2009) por sexo. Galicia. 2023-2024

	Mulleres		Homes	
	2023	2024	2023	2024
Agricultura	5.677	4.671	19.646	18.416
Industria	42.077	40.012	65.056	63.769
Construcción	2.200	2.078	27.353	26.277
Servizos	301.459	301.765	260.937	266.589
Total	351.413	348.526	372.992	375.051

Fonte: IGE.



O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 53,1% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, as actividades de hostalaría e comercio concentran o maior número de mulleres traballadoras do total do sector servizos.

Cadro 5.22

Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2023-2024

	2023			2024		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e silvicultura e pesca	5.527	18.983	24.510	4.671	18.416	23.087
B Industrias extractivas	31	528	559	24	452	476
C Industrias manufactureira	39.349	57.162	96.511	38.444	58.991	97.435
D Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	119	264	383	100	291	391
E Subministración de auga, saneamento, residuos descontaminación	1.122	3.310	4.432	1.444	4.035	5.479
F Construción	2.013	24.983	26.996	2.078	26.277	28.355
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor	47.939	33.695	81.634	52.782	37.350	90.132
H Transporte e almacenamento	14.202	53.671	67.873	13.889	58.016	71.905
I Hostalaría	75.959	59.084	135.043	76.840	61.025	137.865
J Información e comunicacións	9.980	13.872	23.852	10.187	12.783	22.970
K Actividades financeiras e de seguros	1.869	1.091	2.960	2.230	1.339	3.569
L Actividades inmobiliarias	581	344	925	669	344	1.013
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	10.094	8.562	18.656	10.897	9.356	20.253
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	34.944	25.698	60.642	36.134	27.190	63.324
O Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	9.635	7.158	16.793	8.140	6.512	14.652
P Educación	15.255	7.330	22.585	15.543	7.251	22.794
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	33.265	6.207	39.472	35.817	6.776	42.593
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	20.231	31.356	51.587	21.274	32.229	53.503
S Outros servizos	8.356	4.608	12.964	9.148	5.875	15.023
T Actividades dos fogares e uso propio	8.844	522	9.366	8.172	517	8.689
U Organismos extraterritoriais	69	58	127	43	26	69
Total	339.384	358.486	697.870	348.526	375.051	723.577

Fonte: SEPE.

De acordo á información do SEPE, a distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai menos representación de mulleres en postos de dirección de empresas, o 43,7% (32,6% en 2023, apreciase melloría) fronte ao 56,3% de homes, as porcentaxes de mulleres aumentan en técnicas e profesionais de saúde e do ensino chegan a o 70,7% (77,9% en 2023) e traballadoras de servizos de saúde e coidado de persoas (80,5%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, exemplo disto é o porcentaxe de mulleres en postos técnicos científico e intelectuais que xa non supera aos homes cun (57,6% en 2023) pero alcanza un 42,2%.

A medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e, polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das empregadas en servizos de restauración e comercio, 60% (79% en 2023) do total das persoas contratadas.

Entre as persoas traballadoras cualificadas da construción a presenza da muller é moi escasa e no grupo de persoas traballadoras cualificadas de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación, existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio e traballadoras non cualificadas de servizos.
- Un grupo minoritario que, grazas á obtención dun título universitario, ocupa postos técnicos e profesionais en saúde e ensino e outros técnicos científicos e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos de obra e servizo e nos eventuais por circunstancias de produción.

A contratación segundo modalidade e sexo pódese consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacan os contratos de interinidade, 66%, e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano os contratos para a formación realizados a mulleres, 47% (48,2% en 2023), non superan os concertados con homes, descendendo respecto de anos anteriores, e os de prácticas mantéñense e chegan ao 43,8% despois de varios anos de superioridade feminina.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa coma parcial, alcanzan no colectivo feminino o 72% (66% en 2023) da contratación a mulleres, acercándose a o colectivo masculino, que chega ao 70% (62% en 2023). No se aprecia este ano a mellora debido a os contratos fixos descontinuos.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa coma parcial, supuxeron o 27,6 (29% no 2023) nas mulleres e o 29,9% (32% en 2023) nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando só ao 45,8% do total para o colectivo feminino. Destaca nos dos grupos o empeoramento da contratación fixa.

Mantense a tendencia dos últimos anos, onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso do contrato a tempo parcial, o 63% fronte ao 37% no grupo de homes.

A contratación indefinida tamén é inferior no grupo de mulleres, o 46,2% fronte ao 53,8% no grupo de homes. Os datos empeoran para as mulleres sobre o ano 2023.


Onde apreciase pouca diferenza e nos contratos fixos discontinuos cun 47,7% de contratación feminina e 52,2% de masculina.

Cadro 5.23

Tipoloxía contractual por sexo. Galicia. 2022-2024

	2022		2023		2024	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Indefinido (bonif./ non bonif.)	96.494	104.535	96.628	110.643	92.999	108.266
Obra ou servizo	17.354	24.316	0	0	0	0
Eventual circunstancias da produción	202.146	220.558	182.911	200.204	180.619	199.301
Interinidade	54.535	26.405	44.691	22.944	43.996	22.880
Prácticas	1.752	2.233	1.232	1.690	1.186	1.519
Formación	1.506	1.468	1.492	1.601	1.512	1.703
Outros	6.970	12.706	2.991	5.045	16.505	27.505
Conversión a indefinidos	31.634	36.547	12.046	14.489	11.709	13.877
Total	412.391	428.768	341.991	356.616	348.526	375.051

Fonte: IGE.



5.5. Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regrada. Dentro da formación regrada centrarémonos nos ciclos formativos de grao superior, bacharelato e titulacións universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior observamos que o 43,6% eran mulleres, mantendo a tendencia dos últimos anos.

O alumnado matriculado en bacharelato, segundo o IGE, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53,6%, 7 puntos máis sobre a media masculina do 46,7%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.


Cadro 5.24

Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior, por sexo. Galicia. Curso 2022-2024

	2024			2023			2022		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	19.605	11.047	8.558	19.076	10.727	8.349	19.097	10.847	8.250

Unidade: nº de alumnas e alumnos.

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.




Cadro 5.25

Ensino non universitario. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Galicia. Curso 2022-2024

	2024			2023			2022		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	32.801	15.225	17.576	33.074	15.415	17.659	33.433	15.594	17.839

Unidades: nº de alumnas e alumnos.

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



O abandono educativo temperán das persoas que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación é sensiblemente superior nos homes, superando en máis de 8 puntos ás mulleres, empeorando en 3 puntos sobre o ano anterior. Tal vez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.


Cadro 5.26

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia 2013-2024

	Total	Homes	Mulleres
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18,5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9
2016	15,2	19,1	11,2
2017	14,9	17,9	11,8
2018	14,3	17,0	11,4
2019	12,60	16,70	8,20
2020	12,00	15,50	8,20
2021	8,10	10,60	5,50
2022	9,90	11,40	8,40
2023	9,10	11,70	6,10
2024	10,80	15,00	6,50

Unidades: Porcentaxes.

Fonte: IGE-INE, Enquisa de poboación activa.



Segundo o IGE, no ensino universitario en Galicia para o curso 2024, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 56,6%.

A porcentaxe media do 56,6% varía moito segundo a especialidade elixida:

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Arte e humanidades
- Ciencias sociais e xurídicas

As especialidades con máis baixa representación feminina son as de enxeñaría e arquitectura.

Como pode observarse, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas


Cadro 5.27

**Alumnado matriculado en ensino universitario,
Segundo rama de coñecemento e sexo. Galicia. Curso 2024**

	Total	Mulleres	% de mulleres
Total	62.405	35.304	56,6
Ciencias da saúde	10.608	7.931	74,8
Ciencias	6.271	3.362	53,6
Ciencias Sociais e Xurídicas	26.112	15.964	61,1
Enxeñaría e Arquitectura	13.554	3.847	28,4
Artes e Humanidades	5.860	3.935	67,2

Unidades: nº de alumnas e alumnos.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2024 o 60.4% son mulleres.

É de destacar que se ben o 56.6% das persoas matriculadas eran mulleres, do total das persoas que finalizaron os seus estudos o colectivo feminino supuxo o 60.4%, fronte ao 39.6% de homes. Porcentaxe que diminuíu lixeiramente sobre o ano anterior.

Cadro 5.28

Estudantes titulados/as nas universidades galegas por sexo. Galicia. Curso 2024

	Total	Mulleres	% de mulleres
Tituladas e titulados universitarios	12.271	7.415	60,40

Unidades: nº de alumnas e alumnos.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.6. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o equilibrio e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

En 2024 a representatividade que teñen as mulleres nos altos cargos da Administración do Estado chegou ao 41.62% similar a o ano anterior que despois de varios anos de subida, redúcese, pero chegando as recomendacións do 40%.

Cadro 5.29
Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres.
2020-2024

	2024	2023	2022	2021	2020
Total Ambos sexos	394,00	397,00	312,00	295,00	301,00
Presidencia do Goberno, Vicepresidencia e Ministerios	47,63	52,17	60,87	60,87	47,83
Secretarías de Estado	41,67	40,74	37,04	34,62	46,15
Subsecretarías e Secretarías Xerais	46,43	46,43	46,67	40,79	40,79
Direccións Xerais e Secretarías Xerais Técnicas	40,21	40,41	49,20	44,12	43,75
Total en porcentaxe %	41,62	41,81	48,40	43,73	43,52

Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

Outra mostra do papel da muller no poder e toma de decisións é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 2002, pasando de cero ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2018 prodúcese un aumento e chega ata o 61,11%. No 2019 continúa a mesma tendencia chegando a 62,5% en novembro de 2019, pero en 2020 prodúcese un retroceso quedando en 47,8% e subindo de novo en xullo 2021 cun 60,87%, manténdose hasta marzo 2023, e volvendo a baixar no 2024 cun 47,83%.

Cadro 5.30
Mulleres no Goberno en %

	Dec. 24	Dec. 23	Nov. 23	Dec. 22/ marzo 23	Xullo 21	Marzo 21/ xullo 21	Xan. 20/ xan. 21	XIV lexislatura	XIII lexislatura	2018 (xuño)	2018 (mar.)	2016	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004
Partido no Goberno	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE 2020	PSOE 2019	PSOE	PP	PP	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE
Ambos os sexos	23	23	23	23	23	23	23	18	16	18	14	14	14	13	15	17	17	16	16	16	16
% de mulleres	47,83	47,83	52,17	60,87	60,87	52,17	47,83	44,44	62,5	61,11	35,71	35,71	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50

Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir dos datos publicados na web do Goberno de España.

A representación da muller nos Parlamentos autonómicos alcanzou en 2024 unha media do 46,93%.

En 2024 a maior presenza feminina xa non dáse en Galicia pasando do 56% a o 49,33%. Este ano e Comunidade Valenciana cun 54,5% a de maior representación seguida del País Vasco (52%), e a menor en Castela-León cun 39,24% e A Ríoxa cun 39,39%

En Galicia a representación cae case 7 puntos sobre o ano anterior. E destacable o retroceso despois de varios anos de aumento.

Cadro 5.31

Composición dos Parlamentos autonómicos. 2020-2024^(*)

	2020	2021	2022	2023	2024
Total	46,34	47,18	47,43	47,01	46,93
Andalucía	45,87	45,87	50,46	48,62	48,62
Aragón	49,25	49,25	49,25	41,79	41,79
Asturias	44,44	44,44	44,44	47,73	46,67
Baleares	47,46	46,55	45,76	50,85	50,85
Canarias	44,29	44,29	44,29	48,57	47,14
Cantabria	42,86	42,86	42,86	40,00	40,00
Castela e León	43,21	43,21	38,27	37,04	39,24
Castela-A Mancha	42,42	42,42	42,42	39,39	39,39
Cataluña	42,96	46,67	47,41	51,11	49,24
C. Valenciana	48,48	49,49	51,52	52,53	54,55
Estremadura	43,08	43,08	43,08	43,08	44,62
Galicia	53,33	52,00	53,33	56,00	49,33
Madrid	46,21	48,23	47,79	45,19	45,86
Murcia	48,89	48,89	48,89	42,50	46,67
Navarra	52,00	52,00	52,00	48,00	48,00
País Vasco	50,67	48,48	50,67	49,33	52,00
A Rioxa	48,48	50,67	48,48	45,45	39,39
Ceuta	40,00	44,00	44,00	47,83	48,00
Melilla	40,00	48,00	46,43	40,00	41,67

(*) En porcentaxe de mulleres.

Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir das páxinas web dos Parlamentos autonómicos.

A participación das mulleres na Comisión Europea mantense como no ano 2023, co 47,37% de comisarias, e unha media do 48,15% de participación. As vicepresidentas que no ano 2022 estaban por debaixo da media cun 37,5%, no 2023 e 2024 alcanzan o 42,86%.

Cadro 5.32

Participación da muller na Comisión Europea. 2020-2024

	2024	2023	2022	2021	2020
% de mulleres	48,15	46,15	48,15	48,15	48,15
Presidenta	100,00	100,00	100,00	100	100,00
Vicepresidentas	42,86	42,86	37,50	37,5	37,50
Vicepresidentas primeira					
Alta representante					
Vicepresidentas					
Comisarias	47,37	47,37	47,06	50	50,00

Fonte: Instituto das Mulleres.

O cadro 5.33 sobre a participación da muller nos Parlamentos nacionais dos países membros da Unión Europea pon de manifesto en 2024 que non se chega ao mínimo do 40% a nivel total (38,8%), existindo grandes diferenzas segundo os países. Os mellores datos temos Suecia (61,9%) e Finlandia (60%) e os peores Hungría 14,14% e Chipre sen representación feminina.

En España en 2024 a representación da muller no Parlamento alcanzou o 50%, por encima da media.

Cadro 5.33

Mulleres nos Parlamentos nacionais dos países europeos. 2020-2024

	% mulleres				
	2024	2023	2022	2021	2020
UE-27	38,80	32,99	32,40	33,17	32,70
Alemaña	37,5	35,32	34,82	34,65	31,50
Austria	40	40,44	40,98	40,44	39,30
Bélxica	40,9	42,67	42,00	42,00	41,30
Bulgaria	23,5	24,79	23,75	24,58	27,10
Chipre	0	14,29	14,29	14,29	20,00
Croacia	41,7	33,11	32,45	31,79	31,10
Dinamarca	33,3	44,13	42,46	41,34	39,70
Eslovaquia	46,7	22	22,00	21,33	22,70
Eslovenia	33,3	37,78	37,78	27,78	26,70
España	50,00	44,15	42,41	43,27	43,70
Estonia	28,60	29,70	27,72	26,73	28,70
Finlandia	60,00	46,00	45,50	46,00	46,00
Francia	50,60	37,95	37,78	41,58	41,20
Grecia	28,60	21,33	19,00	21,33	21,70
Hungria	47,60	14,14	13,07	13,07	12,10
Irlanda	42,90	23,46	23,60	23,13	22,50
Italia	32,90	32,25	32,25	36,25	35,90
Letonia	22,20	32,00	30,30	28,00	31,00
Lituania	18,20	29,08	27,66	28,37	24,30
Luxemburgo	33,30	30,00	35,00	35,00	31,70
Malta	16,70	27,85	27,85	13,43	12,10
Países Baixos	48,40	38,51	38,00	40,67	32,70
Polonia	30,20	29,13	28,26	28,26	28,10
Portugal	38,10	36,09	35,65	40,87	40,00
R. Checa	38,10	27,50	25,13	24,50	23,00
Reino Unido					33,85
Romanía	18,20	19,70	20,61	20,61	22,00
Suecia	61,90	46,55	46,42	47,56	47,90

Fonte: Instituto Europeo da Igualdade de Xénero.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA, pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información do Boletín estatístico do persoal ao servizo das administracións públicas do rexistro central de persoal do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, aínda que a porcentaxe de mulleres a o servizo da administración pública (59,4% en España e 61,8% en Galicia) é superior á de funcionarios.

So nas Forzas Armadas e Corpos de Seguridade a porcentaxe de homes supera á de mulleres (14,9%).

A presenza das mulleres na administración autonómica, Xunta de Galicia, sube ata o 71,6% fronte ao 28,4% de homes.

A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo menor que a dos homes, pero vanse acortando distancias.


En 2024 a participación máis baixa obsérvase no Consello Económico e Social 30% (28,57% en 2023). No Consello de Estado 34,48%, no Tribunal de Contas 42,86% mesmo porcentaxe que en 2022 e na Xunta Electoral Central cun 40%.

Cadro 5.34

Representación de mulleres en diversos órganos constitucionais. España. 2024

	Ambos sexos	% de mulleres
TOTAL	141	
Consello de Estado	29	34,48
Consello Xeral do Poder Xudicial	22	40,91
Tribunal de Contas	14	42,86
Defensor do Pobo	1	0,00
Xunta Electoral Central	15	40,00
Consello Económico e Social	60	30,00

Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir de datos publicados en páxinas web. Novembro 2024



5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen a recaer sobre as mulleres: a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender a nenas e nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

O cadro 5.35, móstranos a nivel de toda España que o 75% (70,5% en 2023), das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 75,2% (74,9% en 2023), empeorando sobre anos anteriores.

Cadro 5.35

Excedencia por coidados familiares. Galicia/España. 2023-2024

	Ambos os sexos		Mulleres	
	2023	2024	2023	2024
Galicia	424	408	299	307
España	9.741	11.589	7.301	8.687

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.


O cadro 5.36 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos e fillas en Galicia, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas, 66,30 en 2023, último dispoñible y con unha evolución lenta pero favorable dende o 2020, fronte ao 33,7% de monoparentais masculinas.

Cadro 5.36

**Núcleos familiares monoparentais
por sexo en Galicia. 2020-2023**

	Ambos os sexos	Porcentaxe monoparentais femininos
2020	111.594	69,11
2021	107.122	67,08
2022	109.786	68,83
2023	114.506	66,3

Fonte: Instituto das Mulleres.



As excedencias por coidado de fillas e fillos en Galicia, móstrannos que o 87,7% (86,53% en 2023), das excedencias eran solicitadas por mulleres e o 12,3% (13,47% en 2023) de homes. A tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes, anque no 2024 revertese a tendencia. Nese ano en España o 86,9%, igual que en 2023, destas excedencias concedéronse a mulleres.

Cadro 5.37

Excedencias por coidado de fillas e/ou fillos.

Galicia/España. 2011-2024

	España		Galicia	
	Total	% nais	Total	% nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63
2015	36.195	93,33	683	90,92
2016	40.517	92,63	910	91,65
2017	43.899	92,34	935	92,30
2018	45.249	91,28	1066	90,15
2019	47.388	90,93	1154	91,85
2020	43.226	88,99	1216	88,32
2021	37.354	87,39	1008	88,00
2022	37.012	88,02	868	87,10
2023	36.282	86,91	958	86,53
2024	41.882	86,98	1204	87,70

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre "Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial" do Instituto das Mulleres sobre datos da EPA.

Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, parece significativo que do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 93,3% (92,59% en 2023) sexan mulleres e o 79,5% (79,22% en 2023) do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que sexan mulleres o 73,97% (74,10% en 2023) das persoas que non puideron encontrar traballo a xornada completa, e que tamén o sexan o 73,99% (80,39% en 2023) das que non queren traballar a xornada completa, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles.

Cadro 5.38

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España. 2021-2024

		2021	2022	2023	2024
Ambos sexos	Total	2.738,00	2.781,70	2.869,30	3.059,00
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	267,1	288,7	357,3	412,1
	Enfermidade ou incapacidade propia	47,7	54,5	54	66,2
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	355,2	358,5	380,6	419,6
	Outras obrigas familiares ou persoais	157,4	164,6	195,4	211,9
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1399,2	1380,4	1356,2	1363,6
	Non querer traballo de xornada completa	220,2	225,7	234,1	282,6
	Outros motivos	281,3	297,5	282,9	287,4
	Non sabe o motivo	9,8	11,7	8,8	15,4
% Mulleres	Total	75,62	73,54	73,92	73,64
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	63,87	56,46	55,92	55,01
	Enfermidade ou incapacidade propia	66,04	60,55	67,78	67,52
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	94,96	92,94	92,59	93,3
	Outras obrigas familiares ou persoais	84,43	85,54	79,22	79,05
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	74,69	72,62	74,1	73,97
	Non querer traballo de xornada completa	78,84	80,55	80,39	73,99
	Outros motivos	61,46	61,11	63,17	66,98
	Non sabe o motivo	66,33	81,2	62,5	77,27

Fonte: Elaborado polo Instituto das Mulleres con datos da EPA, INE.
 Unidade: Miles de persoas. 2024

5.8. Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023" reflicte que as mulleres galegas percibiron un salario medio anual de 20.840 euros fronte aos 25.527 dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 18,3% menos que os homes polo traballo realizado, similar a o ano 2022 (19,1% en 2020, 20,5% en 2019 e 21,4% en 2018). Anque lentamente vaise notando a melloría.

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 21.298€, (20.138 en 2022), fronte aos 26.390€ (25.137 en 2022) dos homes, percibindo o colectivo feminino un 19,3% menos que os homes, similar a o ano 2022 (20,3% en 2020).

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal e que a media no conxunto do Estado.

A evolución é lenta dende o ano 2000, chegando ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. En 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais que permanecen dende o 2015 hasta 2023.

Cadro 5.39

Poboación asalariada por sexo e comunidades autónomas. 2021-2023

	2021				2022				2023			
	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	% ^(*)	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	% ^(*)	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	% ^(*)	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	17.468	79,22	15.292	19.302	18.503	78,98	16.182	20.490	19.618	79,18	17.194	21.716
Aragón	21.698	77,96	18.831	24.156	22.731	78,18	19.779	25.299	23.874	78,61	20.849	26.523
Asturias	22.286	76,37	19.183	25.118	23.405	76,33	20.157	26.408	24.581	77,12	21.305	27.627
Baleares	19.791	85,95	18.234	21.214	21.765	85,94	20.067	23.350	23.126	85,99	21.335	24.812
Canarias	17.925	89,63	16.907	18.863	19.598	89,84	18.514	20.608	20.709	90,22	19.612	21.737
Cantabria	20.893	78,62	18.283	23.255	22.036	78,70	19.317	24.544	22.989	78,87	20.195	25.604
Castela-A Mancha	20.729	80,06	18.308	22.868	21.773	80,14	19.263	24.036	21.304	81,27	18.900	23.256
Castela e León	19.220	81,07	16.995	20.963	20.222	80,93	17.885	22.099	22.844	80,46	20.269	25.190
Cataluña	24.168	79,91	21.356	26.726	25.514	80,24	22.604	28.172	26.806	80,94	23.873	29.496
C. Valenciana	19.699	80,42	17.419	21.661	21.076	80,24	18.630	23.218	22.126	81,11	19.693	24.278
Extremadura	16.427	84,27	14.921	17.706	17.319	83,61	15.674	18.747	18.344	84,28	16.684	19.795
Galicia	20.786	81,43	18.580	22.818	21.999	81,51	19.666	24.128	23.252	81,64	20.840	25.527
Madrid	27.981	76,22	24.074	31.585	29.447	76,06	25.324	33.295	30.769	77,04	26.673	34.621
Murcia	18.696	81,93	16.641	20.312	19.469	82,02	17.354	21.157	20.552	82,31	18.366	22.313
A Ríoxa	20.341	80,86	18.088	22.370	21.257	81,18	18.971	23.370	22.335	82,19	20.083	24.436
Ceuta	23.545	77,74	20.198	25.981	23.841	79,46	20.699	26.049	24.812	81,78	21.943	26.833
Melilla	22.311	85,48	20.301	23.750	22.354	86,60	20.492	23.662	23.275	87,83	21.519	24.501
Total	21.519	80,13	19.011	23.724	22.781	80,11	20.138	25.137	23.981	80,70	21.298	26.390

(*) Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023.

No cadro 5.40 apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na ramas de servizos a empresas cun 25,73€ (26,26% en 2022) menos que os homes, e comercio cun 24,38€ (26,15% en 2022) menos.

As menores diferenzas encontrámolas en construción e servizos inmobiliarios, onde a muller percibe o 90,% do salario masculino, probablemente porque as poucas mulleres que traballan neste sector fano como tituladas superiores; e en servizos sociais con 83,77%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida porque a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos e fillas ou de persoas dependentes.

Cadro 5.40

Salarios medios por sector de actividade económica e sexo. Galicia / España. 2023

	España		Galicia		
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	% ^(*)
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7.955	11.873	15.678	19.460	80,57
Industria extractiva, enerxía e auga	28.790	34.432	27.535	32.971	83,51
Industria	23.855	29.892	21.742	28.232	77,01
Construción e servizos inmobiliarios	21.497	22.615	21.012	23.130	90,84
Comercio, reparacións e transporte	18.580	25.223	19.069	25.216	75,62
Información e comunicacións	31.876	40.170	25.289	32.171	78,61
Entidades financeiras e aseguradoras	40.535	57.072	33.615	44.212	76,03
Servizos ás empresas	18.153	25.322	15.888	21.393	74,27
Servizos sociais	27.136	33.247	27.202	32.474	83,77
Outros servizos persoais e de ocio	11.754	15.682	10.462	13.613	76,85

(*) Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.

Fonte: Elaboración propia cos datos do informe "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023".

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria observamos que en 2023 o 19% das mulleres tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI) e o 21,5% tivéronos entre o 50% e o 100%. Isto supón que o 40,5% (40% en 2022) das mulleres tiveron en 2023 ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 14,4% (14% en 2022) e con salarios entre o 50% e o 100% foron o 13,5% (13% en 2022), mellores datos que no grupo de mulleres.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos. Só 418 mulleres tiveron salarios 10 veces superiores ao SMI, fronte a 1.737 homes.

Cadro 5.41

Poboación asalariada por tramos de salario e sexo. Galicia. 2021-2023

	2023		2022		2021	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	80.355	100.099	78.851	98.637	81.205	103.463
De 0,5 a 1 SMI	75.173	112.930	72.418	108.931	76.276	108.410
De 1 a 1,5 SMI	148.221	136.999	141.629	132.306	133.487	115.664
De 1,5 a 2 SMI	104.156	67.624	104.171	66.827	100.795	64.536
De 2 a 2,5 SMI	51.782	39.469	51.812	36.595	49.821	34.813
De 2,5 a 3 SMI	38.982	30.489	38.889	31.354	37.879	31.092
De 3 a 3,5 SMI	20.721	16.782	22.175	18.151	22.133	18.135
De 3,5 a 4 SMI	11.994	7.098	13.322	8.615	13.246	9.091
De 4 a 4,5 SMI	7.505	4.334	7.897	4.540	8.055	4.321
De 4,5 a 5 SMI	4.832	2.949	5.356	3.119	5.356	3.277
De 5 a 7,5 SMI	9.809	5.825	10.739	6.286	10.733	6.096
De 7,5 a 10 SMI	2.060	661	2.185	768	2.187	749
Máis de 10 SMI	1.737	418	1.831	421	1.649	344
Total	557.327	525.677	551.275	516.550	542.822	499.991

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023.

A Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2023 do INE, última dispoñible, confirma os datos anteriores.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2023 do colectivo feminino foi de 22.181,88 (20.904,37 € en 2021). Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 22.760,85 euros para os contratos indefinidos e 18.820,74 euros para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 25.179,79 euros, distribuídos en 25.543,43 euros para os contratos indefinidos e 21.490,35 euros para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2023 percibiron unhas retribucións un 12% menores que as dos homes (18,9% en 2021 e 19,10 en 2020), diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 11% (20,5% en 2021) en contratos indefinidos e 12% nos temporais. A pesar de ser altas as diferenzas o dato positivo é que se acortan as distancias.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2023 foi de 25.591,31 euros, fronte aos 30.372,49 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 15,6%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 17,4% e por primeira vez, a nivel estatal, as mulleres ten un salario de contratos temporais superior a dos homes (26.386,16€ as mulleres e 25.049,33€ os homes).

Cadro 5.42

Salario bruto anual por tipo de contrato (euros). Por sexo e comunidades autónomas. 2023

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada	Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	27.085,50	27.491,64	23.688,85	Andalucía	22.714,95	22.314,24	24.917,11
Aragón	29.589,45	30.238,38	-23.058,86	Aragón	23.925,28	23.656,25	25.721,84
Asturias	31.033,72	31.711,82	-24.344,57	Asturias	24.808,62	24.526,96	-26.583,15
Baleares	28.754,20	28.767,45	-28.500,70	Baleares	26.260,90	26.052,68	-28.638,65
Canarias	24.604,44	24.325,96	27.324,78	Canarias	23.439,00	22.437,45	30.016,86
Cantabria	29.145,64	29.905,58	-22.507,61	Cantabria	23.727,01	23.208,10	-27.321,84
Castela e León	27.360,49	27.899,09	22.662,02	Castela e León	23.104,30	22.788,65	24.637,65
Castela-A Mancha	26.766,25	26.916,71	25.519,84	Castela-A Mancha	22.608,19	21.947,74	25.547,08
Cataluña	32.721,58	33.301,80	25.019,61	Cataluña	27.240,93	27.434,59	25.562,80
C. Valenciana	27.933,36	28.093,26	25.917,58	C. Valenciana	23.205,68	22.723,66	27.231,23
Extremadura	25.179,79	25.543,43	-21.490,35	Extremadura	22.181,88	22.760,85	-18.820,74
Galicia	27.479,85	28.120,80	21.799,09	Galicia	23.153,78	23.038,09	23.891,22
Madrid	35.052,21	35.605,97	25.895,88	Madrid	29.250,20	29.601,49	25.852,55
Murcia	27.799,19	27.569,12	-30.493,60	Murcia	22.474,77	21.507,56	-28.508,67
Navarra	34.623,18	35.998,46	-23.090,78	Navarra	27.461,86	27.452,49	-27.506,01
País Vasco	35.600,45	36.339,82	29.515,23	País Vasco	31.038,84	30.272,25	34.466,30
A Ríoxa	28.482,01	29.222,80	-21.552,30	A Ríoxa	24.307,34	24.081,85	-25.936,42
España	30.372,49	30.853,63	25.049,33	España	25.591,31	25.477,50	26.386,16

Fonte: INE, Enquisa anual de estrutura salarial.

5.9. Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Economía Social (MITES) para a elaboración deste apartado non están desagregados por CC.AA, polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas, imos utilizar tamén o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023”.

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de estatísticas laborais e de asuntos sociais do MITES do 2023 (último dato dispoñible), foi lixeiramente superior ao dos homes no nivel contributivo e no asistencial, existindo moita máis diferenza en renda activa de inserción, máis mulleres que homes.

En 2023 percibiron prestación de nivel contributivo 409.268 mulleres, o que supón o 51% del total, fronte a 391.823 homes. É destacable a melloría nos datos das perceptoras de prestación contributiva polo que supón da súa orixe como traballadoras e cotizantes, non é unha prestación asistencial que non requira de cotizacións.

En 2023 percibiron prestacións de nivel asistencial 506.648 mulleres (500.852 en 2022), fronte a 369.321 homes (381.733 en 2022).

Neste mesmo ano 68.081 (72.080 en 2022) mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 29.393 homes (34.023 en 2022). Esta é a prestación con maior diferenza por xénero.

Segundo O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023" e tendo en conta todas as CC.AA. o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino 3.537€, (3.274€ en 2022) fronte aos 3.685€ (3.516€ en 2022) dos homes. En Galicia a media anual chegou en 2023 aos 3.410€ para as mulleres e aos 3.606 euros para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 196 euros anuais como media, baixando lixeiramente a distancia entre os dous colectivos.


Cadro 5.43

Prestación media anual. Segundo sexo e idade. España. 2020-2023


	2020		2021		2022		2023
Homes		Homes		Homes		Homes	
menor de 26 anos	2.728	menor de 26 anos	2.460	menor de 26 anos	2.419	menor de 26 anos	2.629
26 a 35 anos	3.402	26 a 35 anos	3.154	26 a 35 anos	3.006	26 a 35 anos	3.355
36 a 45 anos	3.655	36 a 45 anos	3.603	36 a 45 anos	3.337	36 a 45 anos	3.732
46 a 55 anos	3.776	46 a 55 anos	3.805	46 a 55 anos	3.476	46 a 55 anos	3.835
55 e máis anos	4.342	55 e máis anos	4.567	55 e máis anos	4.481	55 e máis anos	4.796
Total	3.674	Total	3.692	Total	3.516	Total	3.851
Mulleres		Mulleres		Mulleres		Mulleres	
menor de 26 anos	2.540	menor de 26 anos	2.262	menor de 26 anos	2.217	menor de 26 anos	2.411
26 a 35 anos	3.350	26 a 35 anos	3.056	26 a 35 anos	2.904	26 a 35 anos	3.179
36 a 45 anos	3.607	36 a 45 anos	3.483	36 a 45 anos	3.182	36 a 45 anos	3.444
46 a 55 anos	3.536	46 a 55 anos	3.531	46 a 55 anos	3.181	46 a 55 anos	3.428
55 e máis anos	3.990	55 e máis anos	4.167	55 e máis anos	4.079	55 e máis anos	4.329
Total	3.503	Total	3.462	Total	3.274	Total	3.537

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023.

Homes 2023



Mulleres 2023



Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 127€ (87€ en 2022) euros menos en 2023 que a media de España, mellorando a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España é de 21€ menos.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 94,5% (93% en 2022) das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 5,4%% menos, mellorando en comparación ao 2022 que foi do 7%.

Cadro 5.44

Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma da persoa perceptora. Galicia/España. 2022-2023

	Prestación media anual					
	2023			2022		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	3.482	3.567	3.407	3.265	3.341	3.196
Aragón	3.595	3.710	3.492	3.302	3.367	3.241
Asturias	3.633	3.797	3.476	3.378	3.550	3.207
Baleares	3.595	3.661	3.537	3.365	3.389	3.342
Canarias	3.569	3.797	3.365	3.222	3.426	3.038
Cantabria	3.551	3.752	3.366	3.196	3.324	3.074
Castela e León	3.580	3.750	3.425	3.273	3.376	3.172
Castela-A Mancha	3.625	3.864	3.421	3.338	3.525	3.172
Cataluña	4.067	4.297	3.852	3.661	3.830	3.500
C. Valenciana	3.619	3.801	3.449	3.268	3.397	3.149
Extremadura	3.427	3.532	3.340	3.210	3.285	3.146
Galicia	3.606	3.830	3.410	3.330	3.482	3.187
Madrid	4.189	4.446	3.972	3.831	4.025	3.666
Murcia	3.406	3.518	3.294	3.155	3.258	3.051
A Ríoxa	3.672	3.811	3.543	3.321	3.416	3.230
Ceuta	3.573	3.780	3.392	3.525	3.735	3.341
Melilla	3.406	3.797	3.069	3.222	3.518	2.966
España	3.685	3.851	3.537	3.390	3.516	3.274

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023.

Facendo unha análise da nacionalidade das persoas perceptoras en Galicia, observamos que cando a nacionalidade é española a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 5,3% menos, mentres que, se a orixe é estranxeira, a diferenza aumenta ata un 8% menos.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe e no sexo, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións inferiores ás dos homes galegos (17% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas, teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 19,5% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

Cadro 5.45

Poboación desempregada e prestacións medias por nacionalidade e sexo da persoa perceptora. Galicia/España. 2022-2023

	2023						2022					
	Poboación desempregada			Prestación media anual			Poboación desempregada			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes
España												
Española	3.501.997	1.895.089	1.616.908	3.738	3.595	3.907	3.699.917	1.976.876	1.723.041	3.435	3.323	3.565
Estranxeira	675.928	305.776	370.152	3.414	3.178	3.609	649.648	288.533	361.115	3.130	2.938	3.283
Galicia												
Española	189.601	101.706	87.895	3.653	3.456	3.881	206.568	106.822	99.746	3.364	3.219	3.520
Estranxeira	15.229	7.427	7.802	3.022	2.783	3.249	14.021	6.536	7.485	2.830	2.651	2.986

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

5.10. Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo MITES nas súas estatísticas do 2024.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O número de pensións percibidas por mulleres (5.367.209 en 2023) en toda España é lixeiramente superior ao de homes (4.821.573), o mesmo que en Galicia que tamén é lixeiramente superior: 347.028 mulleres e 335.858 homes. É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 76,8% do total das pensións do grupo de homes galegos, no grupo de mulleres só alcanzan un 50,5%, mentres que as de viuvez son percibidas por mulleres no 89,7% dos casos e estas pensións supoñen o 38,9% do total das pensións femininas e son de menor importe que as de xubilación o incapacidade.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que en Galicia as pensións percibidas polas mulleres en 2024 son 433,45€ menos (421,88€ en 2023) que as dos homes, ou o que é o mesmo, un 32,9% menores (mulleres, 883,55 €; homes, 1.317,00 €). Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 481,93 € menos que un home, un 33,2% menos.

As pensións de viuvez e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

Cadro 5.46

Pensións contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo.
Galicia. 2023-2024

	2024		2023	
	Importe medio en euros/mes	Nº de pensionistas	Importe medio en euros/mes	Nº de pensionistas
Homes	1.317,00	358.733	1.254,78	355.685
	1.121,03			
Incapacidade permanente	1.131,03	49.353	1.074,29	46.503
Xubilación	1.450,54	275.458	1.377,75	275.418
Viuvez	527,81	18.938	503,88	18.783
Orfandade	500,80	12.387	472,90	12.403
En favor de familiares	636,42	2.597	605,27	2.578
Mulleres	883,55	424.470	832,90	420.130
Incapacidade permanente	949,96	29.766	910,50	26.756
Xubilación	968,61	214.541	910,08	212.579
Viuvez	761,69	164.983	750,05	165.600
Orfandade	499,88	10.866	473,70	10.897
En favor de familiares	674,69	4.314	635,20	4.298
Ambos os dous sexos	1.082,46	783.205	1.026,32	775.817
Incapacidade permanente	1.056,67	79.119	1.014,47	73.259
Xubilación	1.239,53	490.000	1.174,02	487.998
Viuvez	764,52	183.922	724,98	184.384
Orfandade	500,37	23.253	473,28	23.300
En favor de familiares	660,31	6.911	623,97	6.876

Fonte: IGE 2024.

Se a análise a realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA, apreciamos que no colectivo de mulleres o número de pensións en tramos inferiores á pensión media (18.813 en 2023) ou que só chegan a ela e do 76,2%, mentres que no grupo de homes alcanzan o 58,5% de perceptores en 2023, últimos datos del Mercado de traballo y pensións en las fontes tributarias. Na mesma liña só hai 1.871 mulleres coas pensións máis altas fronte a 6.340 homes.

Cadro 5.47

Pensionistas, percepcións de pensións medias por sexo e tramo de pensión. España. 2023

	Total			Homes			Mulleres		
	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual
Total	9.641.038	1,12	18.813	4.768.411	1,13	21.495	4.872.627	1,12	16.188
De 0 a 0,5 PM	513.951	1,04	2.590	198.718	1,03	2.559	315.233	1,04	2.610
De 0,5 a 1 PM	1.833.475	1,05	8.494	698.934	1,05	8.518	1.134.541	1,05	8.479
De 1 a 1,5 PM	2.910.761	1,05	12.409	1.209.464	1,04	12.814	1.701.297	1,06	12.121
De 1,5 a 2 PM	1.243.182	1,09	18.038	681.412	1,08	18.092	561.770	1,11	17.973
De 2 a 2,5 PM	896.865	1,13	23.270	519.514	1,11	23.300	377.351	1,15	23.230
De 2,5 a 3 PM	604.457	1,18	28.420	366.716	1,17	28.461	237.741	1,2	28.356
De 3 a 3,5 PM	412.539	1,23	33.742	278.998	1,2	33.770	133.541	1,3	33.684
De 3,5 a 4 PM	475.301	1,28	38.847	296.573	1,24	38.945	178.728	1,35	38.683
De 4 a 4,5 PM	593.973	1,30	43.182	402.931	1,25	43.134	191.042	1,41	43.284
De 4,5 a 5 PM	69.771	2,05	49.009	50.480	2	49.025	19.291	2,16	48.967
De 5 a 7,5 PM	68.498	2,26	60.152	50.686	2,26	60.184	17.812	2,24	60.062
De 7,5 a 10 PM	10.054	2,43	88.552	7.645	2,46	88.569	2.409	2,34	88.498
Más de 10 PM	8.211	2,50	172.359	6.340	2,53	175.301	1.871	2,42	162.392

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023.

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022".

Cabe sinalar que se ben en Galicia o número de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior lixeiramente no colectivo feminino (51,8% en 2023), non o son os importes das pensións recibidas, xa que a diferenza chega a un 24,8% menos. No total das CC.AA. os datos son similares, xa que o número de mulleres pensionistas chega ao 50,5% e os importes das pensións son dun 24,7% menos que as dos homes.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2023 os 14.530 € fronte aos 19.329 € dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 75,2% do importe da pensión masculina ou, o que é o mesmo, un 24,85% menos, o que supón unha significativa diferenza, 4.799€ menos ao ano (4.288 euros menos en 2021 e 4.546€ menos en 2022).

A muller galega tamén está en desvantaxe se comparamos a súa pensión media con a pensión media das mulleres do resto de CC.AA, con 1.658 euros menos en 2023.

As pensións das mulleres galegas ocupan os lugares máis baixos, despois de Estremadura, empeorando a súa posición en relación a anos anteriores.

Cadro 5.48

Pensión media anual por comunidades autónomas e sexo. Exercicio 2022-2023

	2023			2022		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
Andalucía	17.142	14.834	19.455	15.766	13.603	17.926
Aragón	20.215	16.931	23.420	18.557	15.464	21.551
Asturias	21.970	17.516	26.260	20.272	16.043	24.341
Baleares	18.159	15.908	20.596	16.765	14.567	19.125
Canarias	16.759	15.017	18.545	15.481	13.795	17.202
Cantabria	19.806	16.616	22.932	18.341	15.251	21.362
Castela e León	19.031	16.202	21.601	17.500	14.813	19.931
Castela-A Mancha	16.970	14.573	18.960	15.616	13.375	17.459
Cataluña	20.150	17.361	23.257	18.617	15.947	21.573
C. Valenciana	17.585	15.149	20.089	16.184	13.882	18.533
Estremadura	15.788	14.149	17.270	14.520	12.977	15.911
Galicia	16.842	14.530	19.329	15.491	13.297	17.843
Madrid	22.406	19.162	25.924	20.824	17.691	24.197
Murcia	17.206	14.751	19.599	15.797	13.528	17.997
A Ríoxa	18.888	16.211	21.440	17.344	14.857	19.698
Ceuta	18.562	14.919	22.341	16.789	13.520	20.106
Melilla	18.135	14.742	21.576	16.888	13.606	22.292
Total	18.813	16.188	21.495	17.353	14.857	19.890

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2023